

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 5 de setembro de 2014

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a. Olga Alonso Suárez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e trinta e cinco minutos do día cinco de setembro do ano dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a todos os membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(989).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno Local ratifica a urxencia da sesión

2(990).- REFORMA CUBERTA RÍO E CONSOLIDACIÓN ESTRUTURAL NO ESTADIO DE BALAÍDOS. FASE 1. EXPTE. 2.540/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da Asesoría Xurídica do 29/08/14, dáse conta do informe-proposta do 01/09/2014, do xefe da área de Servizos Xerais, conformado polos concelleiros de Fomento e de Facenda e fiscalizado pola Intervención Xeral Municipal en data 03/09/2014, que di o seguinte:

“1.- *Antecedentes.*

A inversión vinculada o presente expediente atópase incluída no ámbito da modificación de créditos orzamentarios, número 01/2014, que ten por finalidade aplicar o superávit orzamentario

correspondente ao ano 2012, e como suxeita á condición de que tal investimento debe respetar o principio de que sexa financeiramente sustentable ao longo da súa vida útil, polo tanto cumprir as previsións establecidas na D.A. 16ª do TRLRFL. Isto supón en concreto o seguinte:

- Esta inversión está vinculada a remodelación e mellora de infraestruturas e inmobles propiedade da entidade local destinados directamente o desenvolvemento do servizo público de competencia local, polo cal a mesma atopase vinculada a aplicación orzamentaria 933. Xestión do patrimonio.
- De acordo co punto 5 da D.A. 16ª do TRLRFL, a iniciación do correspondente expediente de gasto e o recoñecemento da totalidade das obrigas económicas derivadas da inversión executada, se deberá realizar antes da finalización do exercicio de aplicación, polo cal, co obxecto de dar cumprimento a mesma informase que atendendo os prazos máximos de execución das obras contempladas neste expediente, se garante a execución dos mesmo dentro presente ano.
- De acordo co estipulado na Orde EHA/3565/2008, as actuacións contempladas neste proxecto responden os criterios definidos para "inversións reais", xa que as mesmas correspóndense con gastos destinados maioritariamente a actuacións de rehabilitación e mellora en bens propiedade municipal destinados o desenvolvemento dos servizos deportivos públicos, segundo a proposta que recolle o proxecto desta obra.
- En relación a obriga que se establece no apartado 2º da D.A. 16ª do TRLRFL de que a obra proxectada, debe ter unha vida útil non inferior a cinco anos, esta condición cumprese en relación as actuacións previstas no presente proxecto, xa que as mesmas son actuacións realizadas a través de la utilización de elementos construtivos con unha vida útil en todos os casos maior do límite establecido, entendendo por vida útil a previsión do tempo durante o cal é susceptible de ser utilizado o vial sobre o que se actuará, nas condicións de calidade requiridas.
- Que en relación a obriga que se establece no apartado 6º da D.A. 16ª do TRLRFL de que a obra proxectada, cumpra cos obxectivos de que a mesma non sexa xeradora de gastos futuros no horizonte da súa vida útil, esta condición tamén se cumpre en relación as actuacións previstas no presente proxecto, xa que as mesmas son actuacións de renovación de infraestrutura que suporán un impacto favorable sobre os orzamentos futuros, xa que evitarán gastos de reparación e mantemento ordinario, convertíndose nun instrumento xerador de agorro para este concello.

Xa en relación coa tramitación deste expediente, destacar que en data 29 de xullo de 2014, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto básico e de execución das obras de "REFORMA CUBIERTA RÍO Y CONSOLIDACIÓN ESTRUCTURAL EN EL ESTADIO DE BALAIOS, FASE 1", por un importe de UN MILLÓN SEISCENTOS OITENTA MIL EUROS (1.680.000 €), redactado pola ENXEÑEIRA DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS, Trinidad López Rodríguez, facultativa da empresa GALAICONTROL. S.L. , contratista do proxecto. (Expediente 2.670/443). Tamén que con data 4 de agosto de 2014 o concelleiro-delegado da Área de Fomento ordenou a esta xefatura o inicio do expediente administrativo necesario para a contratación das referidas obras, de acordo coa resolución por Decreto do Alcalde de data 3 de xuño de 2014, na cal delega o Concelleiro de Fomento a xestión deste proxecto.

No expediente inclúese a seguinte documentación:

- a) O proxecto obxecto do expediente consta anexado e asinado polo Xefe de Área de Fomento en datas 13 e 19 de maio de 2014.
- b) Acta de replanteo asinada polo Arquitecto Municipal con data 22 de xullo de 2014.
- c) Prego de prescricións técnicas particulares redactado pola contratista GALAICONTROL. S.L. E incluído no proxecto recollido no expediente 2670/443, aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 29 de xullo de 2014.
- d) Prego de Clausulas Administrativas Particulares, redactado pola xefa do servizo de contratación, de data 29 de agosto de 2014.

- e) Informe favorable da Asesoría Xurídica de data 29 de agosto de 2014.
f) Documento contable referido a existencia de crédito para financiación das obras.

2.- Condicións definitorias do contrato:

Destacan as seguintes:

a) Obxecto e cualificación xurídica do contrato:

O obxecto consiste na execución das obras previstas no proxecto "REFORMA CUBIERTA RÍO Y CONSOLIDACIÓN ESTRUCTURAL EN EL ESTADIO DE BALAIOS, FASE 1". Estas obras supoñen sen ningunha dubida un incremento da capacidade, rendemento, eficiencia da funcionalidade inherente as necesidades básicas dos servizos públicos que prestan ditas infraestructuras, e con elas se conseguirá unha ampliación da súa vida útil, polo cal contan ca natureza de "investimentos reais".

O contrato, polo seu obxecto, é de obra, previsto no artigo 6 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (no sucesivo, T.R.L.C.S.P.).

En cumprimento do art. 22 do RDL 3/2011 polo que se aproba o TRLCSP, os aspectos relacionados coa "natureza, e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do obxecto e contido", son os definidos na memoria descritiva que contén o expediente 2670/443 do proxecto da obra aprobado pola Xunta de Goberno Local con data 29 de xullo de 2014 que se achega a éste, pasando a formar parte do mesmo.

O presente contrato atopase vinculado as competencias propias previstas no art. 25.2 l) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, na redacción dada pola Lei 27/2013 no seu artigo 8.2 d), "Promoción del deporte e instalacións deportivas y de ocupación del tempo libre".

b.- Procedemento de adxudicación e forma de tramitación:

A tramitación do presente expediente fárase a través de procedemento aberto, e en forma ordinaria, polo que non precisa de mais xustificación.

c.- Orzamento base de licitación:

En cumprimento do artigo 87 do TRLCSP, o prezo que servirá como base para a execución deste contrato, están determinados en base o proxecto, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 29 de xullo de 2014, redactado pola empresa GALAICONTROL no cal se determina que o orzamento base de licitación, que resulta adecuado para o efectivo cumprimento do obxecto do contrato e de acordo cos prezos xerais do mercado, os cales atópanse descompostos nas unidades vinculadas ao proxecto, ten un importe máximo de 1.680.000 € sendo o importe correspondente o IVE o de 291.570,25 Euros.

O valor estimado do contrato estipúlase en UN MILLÓN SEISCENTOS SESENTA E SEIS MIL CENTO QUINCE EUROS CON SETENTA CÉNTIMOS (1.666.115,70 €).

Trátase dunha obra de carácter plurianual.

O importe correspondente ao ano 2014 deberá ser de aplicación aos créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na partida 9330.632.00.10 "Investimento de mellora e reposición grada de río Estadio de Balaidos", por importe de 1.344.567,94 Euros a cal cumpre a condición de crédito suficiente e adecuado.

O importe correspondente á anualidade 2015, pola cantidade de 335.432,06 €, será con cargo aos orzamentos correspondentes ao ano 2015.

O gasto proposto, cumpre co principio de sustentabilidade financeira, esixido polo artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, xa que conta con cobertura dentro do actual orzamento como xa se indicou, e que a partida á que se aplica ten carácter finalista, polo que con cargo a ela non se poderá asumir ningunha outra obriga polo Concello, nin producirse polo tanto desequilibrio orzamentario ningún.

d.- Revisión de prezos:

Tendo en conta que as obras a executar teñen unha duración inferior a unha anualidade, non procede a revisión de prezos.

e.- Prazo de execución e prórroga:

De acordo co proxecto básico e de execución das obras, o prazo máximo de execución establececese en 4 meses.

Dito prazo poderá ser prorrogado polo órgano de contratación en resolución motivada cando concorra algunha das seguintes causas:

- A modificación do contrato. Neste caso o prazo da prórroga será o que resulte do proxecto modificado non podendo exceder da metade do prazo inicial.
- O incumprimento parcial do prazo de execución por causas non imputables ao contratista, debidas a acontecementos alleos a súa vontade e imprevisibles, sempre e cando se comprometa a executar as obras nun prazo igual ó perdido e solicite a prórroga conforme ó disposto no artigo 100 RXLCAP.
- Cando o órgano de contratación e o contratista acorden de mutuo acordo suspensións temporais da execución do contrato por circunstancias sobrevidas que o aconsellen. Neste caso o contrato se prorrogará por un prazo igual ó que tiña permanecido suspendido.

f.- Prazo de garantía:

Establecese como prazo de garantía mínimo o de 12 meses dende que se asine a acta de recepción das obras. Poderá ser ampliado polos licitadores nas súas ofertas.

g.- Esixencia de Clasificación ou no seu caso solvencia:

De acordo co artigo 65.1 do TRLCSP, se esixe a seguinte clasificación para este contrato:

- Grupo C, Subgrupo 2, Categoría c.
- Grupo C, Subgrupo 3, Categoría d.
- Grupo C, Subgrupo 9, Categoría d.

h.- Modificación do contrato:

A coantía máxima da modificación non poderá superar o 20% sobre o prezo do contrato. As modificacións das características das unidades de pavimentación non poderá afectar ao prezo do mesmo.

i.-Subcontratación:

Autorízase co límite máximo do 50 %.

j.- Responsable do Contrato:

O responsable do Contrato será o Xefe da Área de Fomento. Así mesmo o órgano de contratación nomeará unha dirección facultativa municipal para o seguimento da obra.

k.- Criterios de valoración e xustificación dos mesmos:

En relación os criterios de valoración das ofertas, todos eles vinculados ao obxecto do contrato, se da máis preponderancia a aqueles criterios que tendo unha referencia directa co obxecto do contrato se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas concretas (80%), deixando o 20 % restante para criterios avaliábeis por xuízo de valor.

k.1.- CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUIZO DE VALOR:

k.1.1.- Memoria construtiva dos criterios de execución técnica da obra: A valoración da memoria construtiva dos criterios de execución técnica da obra, terá unha valoración ata un máximo de doce (12) puntos e será distribuída en relación os seguintes apartados::

- Ata 2 puntos. A descrición analítica e detallada do proxecto, así como unha análise dos aspectos que poidan incidir no desenvolvemento do obxecto da obra.
- Ata 5 puntos. A análise do ámbito de actuación da obra e os procesos de implantación de medios para a obra, e que presenten unha explicación gráfica.
- Ata 5 puntos. A análise e descrición da planificación da obra en relación aos equipos materiais e humanos adscritos a mesma.

k.1.2.- Plan de control de calidade: Se valorará ata un máximo de cinco (5) puntos, tendo en conta os seguintes apartados:

- Ata 2,5 puntos. A descrición analítica e detallada do plan de controis de calidade a executar a maiores do contemplado no proxecto.
- Ata 2,5 puntos. A descrición analítica e detallada do plan de auto control interno da empresa directamente relacionados coa execución do obxecto da obra.

k.1.3.- Plan de aforro enerxético e programa de actuacións medioambientais: Se valorará ate un máximo de tres (3) puntos.

k.2.- CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FORMULA:

k.2.1.- Prezo ofertado: O prezo ofertado polos licitadores valorarase ata un máximo de SESENTA E CINCO (65) puntos.

k.2.2.- Prazo de garantía: Valorarase ata un máximo de DEZ (10) puntos.

k.2.3.- Melloras: Valorarase ata un máximo de CINCO (5) puntos.

Previamente a efectuarse a proposta ao órgano de contratación, debe emitir informe favorable de fiscalización a Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 109.3 do TRLCSP.

3.- Proposta:

Por todo o exposto proponse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación competente dacordo co previsto na disposición adicional 2ª do TRLCSP, que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto "REFORMA CUBIERTA RÍO Y CONSOLIDACIÓN ESTRUCTURAL EN EL ESTADIO DE BALAI DOS, FASE 1".

Segundo: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado polo Asesor Xurídico da Área de Fomento e polo Xefe da Área de Fomento e asinado con data 29 de agosto de 2014.

Terceiro: Autorizar o gasto por un importe máximo de 1.680.000 € dos que 291.570,25 € corresponden o IVE, con cargo a partida 9330.632.00.10 "Investimento de mellora e reposición de grada de río Estadio de Balaídos", que o tratarse dunha obra plurianual terá o seguinte desglosado por anualidades:

- O importe correspondente ao ano 2014 será de 1.344.567,94 Euros dos que 233.354,77 € corresponden ao IVE .
- O importe correspondente á anualidade 2015, pola cantidade de 335.432,06 € dos que 58.215,48 corresponden ao IVE e será con cargo aos orzamentos correspondentes ao ano 2015.
- A aplicación da baixa ofertada polo licitador adxudicatario da obra será de aplicación na segunda anualidade, e no caso de ser maior que dita anualidade, o diferencial será de aplicación a primeira anualidade.

Cuarto: Para posibilitar a execución do proxecto conforme ao plan de obra previsto e ás disponibilidades orzamentarias, o porcentaxe de gastos establecido para os plurianuais no artigo 174 do R.D.L. 2/2004 de 5 de marzo que aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais modifícase quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade (2015) nun 24,95%.

Quinto: Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás trece horas e corenta minutos. Como secretaria dou fe.

rs.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M^a Jesús Lago Rey.